

ÁNGEL LUIS HUESO MONTÓN



Nace en Madrid, en cuxa Universidade Complutense se Licenza e Doutora en Filosofía e Letras (sección de Historia).

Incorporouse á Universidade de Santiago de Compostela no ano 1979 tras gañar a oposición a Axunto de Historia do Cine; dende 1990 é Catedrático de Historia da Arte (Historia do Cine) da Universidade de Santiago de Compostela.

Foi Secretario e Vicedecano da Facultade de Xeografía e Historia, Director do Departamento de Historia da Arte en dúas ocasións e Vicerrector de Comunicación e Proxección Exterior.

No ano 2005 é nomeado Académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario na que ingresa cun discurso sobre "Cine, Arte de la Contemporaneidad ". Na actualidade é Secretario Xeral da Institución.

Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela. Premio "José Sellaer" da Academia Galega do Audiovisual o ano 2003. Medalla do Círculo de Escritores Cinematográficos ao labor literario e docente o 2005.

Traballa en diversas liñas de investigación relacionadas coa historia do cine, cuxo resultado foi a publicación de varios libros; deste xeito analizou a estruturación dos xéneros (*Historia de los géneros cinematográficos* (1976) e *Géneros cinematográficos. Materiales bibliográficos y filmográficos* (1983); así como as relacións entre o mundo histórico do noso século e o cine (*El cine y la historia del siglo XX* (1983) e *El cine y el siglo XX* (1998).

Dende finais dos anos oitenta dedica gran atención aos aspectos relacionados co asentamiento do cine en Galicia (*La exhibición cinematográfica en La Coruña* (1940-1989) (1992) e coa localización e catalogación dos fondos cinematográficos: *Catálogo dos fondos cinematográficos nos arquivos públicos galegos* (1990), *Fontes e documentos sobre cine en Galicia nos arquivos da Administración Central* (1992), *Filmografía Galega: longametraxes de ficción* (1998) e *Filmografía galega. Curtametraxes* (2002).

Dirixiu o proxecto de investigación para a realización da filmografía española dos anos 40 (financiado pola DGICYT e publicado por Fimoteca Española e Cátedra en 1998) e actualmente traballa no correspondente á filmografía española dos anos setenta. Tamén dirixe varios proxectos relativos á recuperación do patrimonio cinematográfico galego, en colaboración con distintas institucións (Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, Centro Ramón Piñeiro de Estudo en Humanidades, Centro Territorial de TVE .

Participou en diversos cursos de doutorado ou posgrao nas Universidades de Santiago de Compostela, Valladolid, Vigo, Oviedo, Católica San Antonio de Murcia e Federal de Bahía (Brasil) e dictado cursos de especialización e conferencias nas Universidades de Santiago de Compostela, Valladolid, Murcia, Sevilla, La Laguna, Borgoña (Dijon, Francia), Amberes (Bélgica), Rennes2 (Francia) e Helsinki (Finlandia).